




EXPERTAS EN NEUROCIENCIA

ENTENDENDO OS NÓSOS PROCESOS CEREBRAIS,
ENTENDEREMOS MEIRANDE PARTE DO QUE
NÓS FAI HUMANOS

A PALABRA CA QUE SE AUTODEFINE ANA CLARA BOBADILLA É MIGRANTE

MAIÁ QUE NACÍN NA ARXENTINA, NON ME CONSIDERAN DE ALÍ, PORQUE CRIEME EN MADRID. EN ESPAÑA NON SON ESPAÑOLA POLA MIÑA FAMILIA ARXENTINA. E, CANDO MARCHAMOS PARA FRANCIA, TIVEN QUE APRENDER FRANCÉS.

É DURO SER SEMPRE A DE FÓRA.



OS SEUS PAIS SON CIENTÍFICOS, O QUE LLE PERMITIU COÑECER XENTE MOI DIVERSA DOS SEUS EQUIPOS DE INVESTIGACIÓN



ISO, SUMADO AO HOBBY DE ANA CLARA DE VER PELÍCULAS FAMOSAS DO MOMENTO...



FIXO QUE DESENVOLVESE INQUEDANZA POLA CIENCIA E POLAS ADICCIÓNS

REMATOU OS SEUS ESTUDOS EN FRANCIA E, DESPOIS, SOLICITOU MOITAS BOLSAS




ANA CLARA VOLVÍA MIGRAR

EL 2020, OBTIVO OUTRA BOLSA E FUNDOU UN LABO DE SEU NA ESCOLA DE FARMACIA DA UNIVERSIDADE DE WYOMING

ESTUDAMOS A ADICCIÓN, COMO O CEREBO PROCESA O COMPORTAMENTO DE RECOMPENSA




NO SEU LABO DESCUBRIRON QUE CO CONSUMO DE DROGAS ACTIVÁNSE UNS CONXUNTOS DE REDES NEURONAIS DISTINTOS AOS DE RECOMPENSA NATURAL



SE DAMOS MODIFICADO A REDE NEURONAL ACTIVADA POLA DROGA, PODERÍAMOS DIMINUÍR A ADICCIÓN.

COMBINO O MEU TRABALLO CON COLABORAR CON DISTINTOS COLECTIVOS QUE AXUDAN A MULLERES NA CIENCIA CON: APOIO PARA AS QUE XA SON CIENTÍFICAS OU DISTINTOS RECURSOS PARA AS QUE, POR FALTA DE MEDIOS, NON TEÑEN CONTACTO CO MUNDO DA CIENCIA NA CASA.



A CORUÑESA SUSANA MARTÍNEZ-CONDE DESCUBRIU O SEU AMOR POLA CIENCIA CO SEU XOGUETE FAVORITO, UN MICROSCOPIO

IMAXINAS
SER
CIENTÍFICA?
OU PRESI?



PERO A FALTA DE REFERENTES
FIXO QUE VISE MOI LONXE SER
CIENTÍFICA

ESTUDOU PSICOLOXÍA, PERO
FASCINÁBALLE INVESTIGAR O
CEREBRO E A MENTE



VOU SEGUIR OS MEUS
ESTUDOS AQUI, O
CENTRO DE REFERENCIA
DE NEUROCIENCIA EN
ESPAÑA

E REMATOU SENDO
INVESTIGADORA

NUN CONGRESO COÑECEU O
SEU ÍDOLO CIENTÍFICO: DAVID
HUBEL. BOTOULLE PEITO E
FALOU CON EL




O TEU PUNTO DE VISTA
É FASCINANTE. QUERES
TRABALLAR COMIGO?

YES! OF
COURSE!

E ASÍ MARCHOU
Á ESCOLA DE
MEDICINA DE
HARVARD

HOXE, SUSANA É CATEDRÁTICA DE
OFTALMOLOXÍA, NEUROLOXÍA E FISIOLOXÍA NA
UNIVERSIDADE DO ESTADO DE NOVA YORK

ESTUDO A PERCEPCIÓN, XA QUE NON SE MIRA
SÓ COS OLLOS, SENÓN TAMÉN CO CEREBRO,
QUE INTERPRETA A REALIDADE



E, COMO CADA QUEN É UN
MUNDO, A SÚA PERCEPCIÓN
TAMÉN O É



ESTÁ ESPECIALIZADA EN A PERCEPCIÓN
E COGNICIÓN, E ESTUDIA:

O EFECTO DOS MOVEMENTOS DOS
NOSOS OLLOS NA PERCEPCIÓN
VISUAL E COMO O QUE PERCIBIMOS
VISUALMENTE AFECTA AO MOVEMENTO
DOS OLLOS.

EXEMPLO: OS
TRUCOS DE
MAXIA.
A carta
esvaece-se da
tua percepción
cando prestas
atenção ao
xesto da variña.



E COMBINA A SÚA INVESTIGACIÓN
CUNHA GRAN LABOR DE DIVULGACIÓN
E COMUNICACIÓN CIENTÍFICA

É IMPORTANTE DIVULGAR
PARA QUE A XENTE TEÑA
ACCESO A INFORMACIÓN
VERAZ

TAMÉN ME ENCANTA CANDO
A MOCIDADE ME CONTA QUE
ESTUDA NEUROCIENCIA POR
INSPIRACIÓN DALGUNHA DAS
SUAS CHARLAS, PODER SER A
REFERENTE QUE EU NON TIVEN

TED

SCIENTIFIC
AMERICAN



O BICHO DA CIENCIA QUE LLE
PICOU Á ASTURIANA ELENA
BLANCO-SUÁREZ FOI ALIEN



PAPA,
UN ALIEN BEBÉ
PODERÍA
INFECTARME?

NON EXISTEN OS
ALIENS, PERO AS
BACTERIAS E
VIRUS SI, ISO SI
INFECTA

ADEMAIS, SEMPRE QUIXO
MARCHAR A EEUU, ELENA
ERA CALIFORNIANA DE
CORAZÓN



CANDO
MEDRE IREI
VIVIR A
CALIFORNIA.

GRAZAS AO APOIO DOS SEUS
PAIS E PROFES, ELENA
TRABALLOU A REO E SEGUIU
FORMÁNDOSE EN MADRID
E BRISTOL



QUERO MARCHAR
XA PARA EEUU

VOU PEDIR
PRAZA NO
INSTITUTO SALK,
EN SAN DIEGO,
CALIFORNIA

DESPOIS DE CONSEGUIR O POSTO, ELENA
COMPAXINÁBAO COA DIVULGACIÓN
CIENTÍFICA



PODES FACER
CIENCIA MALIA
QUE LEVES O PELO
VERDE E TEÑAS
TATUAXES, COMA
MIN. ABAIXO OS
ESTEREOTIPOS
SOBRE
CIENTÍFICAS!

HOXE, ELENA É ASSISTANT PROFESSOR
EN NEUROCIENCIA NA UNIVERSIDADE
THOMAS JEFFERSON, EN FILADELFIA

É EXPERTA EN ASTROCITOS



SON CÉLULAS, QUE ENTRE
OUTRAS COUSAS, AXUDAN
ÁS NEURONAS A
COMUNICARSE ENTRE ELAS

ELENA ESTUDA O PAPEL DOS ASTROCITOS TRAS UN
INFARTO CEREBRAL. CANDO ISTO ACONTECE, AS
NEURONAS DÁNANSE OU MORREN E A PERSOA PERDE
FACULTADES FÍSICAS


OS ASTROCITOS
PODEN AXUDAR
ÁS NEURONAS A
RECUPERARSE
TRAS O INFARTO.



PERO TAMÉN
PODEN EMPEORAR
O DANO.

TODO DEPENDE DE ONDE E CANDO PRODUCAN
CERTAS PROTEÍNAS.

O INFARTO CEREBRAL
NON SÓ AFECTA ÁS
NEURONAS, É
IMPORTANTE ENTENDER
A PERSPECTIVA GLOBAL
DO CEREBRO



QUEDA MOITO POR SABER

ANA CLARA

CÓMPRE DEMOSTRAR A
ESPECIFICIDADE DAS
REDES NEURONAIS, ATA
O DE AGORA NON SE
SABÍA QUE AS
NEURONAS QUE SE
ACTIVAN POLAS DROGAS
SON DIFERENTES DAS
QUE RESPONDEN A
RECOMPENSAS
NATURAIS

SUSANA

SE ENTENDEMOS OS
MECANISMOS DA
PERCEPCIÓN, COMO O
CEREBRO INTERPRETA E
SIMULA A REALIDADE,
PODEREMOS COMEZAR
A ENTENDER A
CONSCIENCIA, PERO
AÍND A QUEDA MOITO
CAMIÑO

ELENA

DESCIFRAR A MANEIRA
QUE INTERACTÚAN AS
DISTINTAS CÉLULAS DO
CEREBRO EN DIFERENTES
CONTEXTOS. ASÍ
PODEREMOS ENTENDER
COMO O
ENVELLECIMENTO
ALTERA ESTES PROCESOS,
E EVITAR ENFERMIDADES
NEURODEGENERATIVAS.



É falso que o ser humano non usa o 100% do seu cerebro
**O QUE É CERTO É QUE NON COÑECEMOS OS NOSOS
MECANISMOS CEREBRAIS AO 100%,
E POR ISO CÓMPRE SEGUIR INVESTIGANDO**

the **NEURO**WOMEN